

SANTIAGO DE COMPOSTELA



**senalización de sendeiros de pequeno percorrido**

- continuidade do sendeiro
- cambio de dirección
- dirección incorrecta
- baliza

Telf. Protección Civil de Vedra:  
629 661 685

**lenda**

- Autoestrada
- Estrada nacional
- Estrada local
- Camiño de Ferro
- Ruta da Prata
- Rutas de sendeirismo
- Rutas cicloturísticas
- Ríos
- Información
- Centro de saúde
- Estación de servizo
- Caixaero automático
- Inicio ruta
- Sendeirismo
- Áreas de recreo
- Miradoiro
- Pesca
- Piragüismo
- Casa das Artes
- Igrexa
- Capela
- Pazo
- Muíños
- Zona de acampada
- Albergue
- Hospedaxe Rural
- Turismo Rural
- Pensión
- Motel
- Restaurante
- Adega
- Viñedos
- Queixos
- Destilería
- Hortalizas
- Plantas
- Artesanía
- Panaderías
- Produtor de aceite

www.concellodevedra.com  
www.vedratourismo.com



**SON**

**rotas de sendeirismo**

**SON VEDRA**



# sendeirismo en vedra

Camiñar polo pracer de coñecer, percorrer camiños salpicados de historia, cultura, tradicións... e moldeada pola forza da natureza. Gozar da paisaxe.

Como poden comprobar, Vedra abre as súas portas de par en par ao camiñante, para mostrar unha terra agarimosa, sinxela, onde os sendeiros amosan a beleza e a diversidade do concello.



## ruta do pereiro-sales

**Datos técnicos:**  
**Inicio-final:**  
Ponte do Pereiro na estrada principal  
42°46.901'N  
008°29.500'W  
**Lonxitude:** 18,9 Km  
**Tipo de sendeiro:** circular  
**Duración aproximada:** 4:30 h.  
**Dificultade:** media  
**Terra:** 90 %  
**Asfalto:** 10 %

**Como chegar:** (localización)  
O inicio deste sendeiro circular sitúase na parroquia de Vedra, xunto á ponte da estrada principal que atravesa o río Pereiro. Accédese partindo da casa do Concello en dirección a Illobre, á metade do camino atopamos un panel de ruta (punto de partida e chegada)

Esta ruta condúcenos paralelos ao río Pereiro, e permítenos descubrir toda unha serie de muíños, salpicados aquí e acolá. A poucos kilómetros río arriba localízase a Fervenza do Pereiro. Se proseguimos o percorrido, chegaremos ao entorno da Ferreira e da Capela de Santa Isabel. Máis adiante atopamos a Ponte Busacos, un punto destacable polo seu valor histórico: por el discorreu a IV Vía Militar romana que unía Bracara (Braga) e Astúrica (Astorga); e na actualidade discorre a Vía da Prata do Camiño de Santiago.

A ruta continúa por Sales ata chegar ao Muíño de Novais; logo atravesa lugares de interese como o contorno da Casa do Sol, a aldea de Vilapedre e diferentes camiños de monte ata chegar á súa parte final.



## ruta dos muíños



**Datos técnicos:**  
**Inicio-final:**  
Área de Interpretación dos Muíños  
42°46.433'N 008°26.629'W  
**Lonxitude:** 2 Km  
**Tipo de sendeiro:** circular  
**Duración aproximada:** 1 h 10 min.  
**Dificultade:** media  
**Terra:** 90 %  
**Asfalto:** 10 %

**Como chegar:** (localización)  
O punto de partida sitúase na parroquia de San Pedro de Vilanova. Desvíamonos da estrada N-525 Santiago-Ourense en dirección á igrexa parroquial e, deixando atrás esta, viramos primeiro á esquerda e despois á dereita, seguindo as indicacións viarias.

Esta ruta amósanos un conxunto etnográfico formado por varios muíños en bo estado de conservación que seguen o curso do río de Merín, achegándonos a unha constante na paisaxe de Vedra que nos dá a idea da importancia que a agricultura tivo na economía dos nosos antepasados, e do forte vínculo que liga por sempre esta terra á auga.

Ademais de coñecer a cultura muiñeira, tamén podemos observar as tarefas agrícolas en prados, hortas e viñedos.

A ruta lévanos a través da fraga por estreitos camiños rodeados de vexetación e fervenzas que coa súa melodía fan máis grato o camiñar.



## ruta de san xoán da cova (P.R.G.36)

**Datos técnicos:**  
**Inicio:** Mirador de Gundián  
42°47.117'N 008°23.700'W  
**Finalización:**  
Área de recreo de Cubelas  
42°44.754'N 008°28.331'W  
**Lonxitude:** 11,2 Km  
**Tipo de sendeiro:** lineal  
**Duración aproximada:** 3 h 15 min.  
**Dificultade:** media  
**Terra:** 95 %  
**Asfalto:** 5 %

**Como chegar:** (localización)  
O seu inicio localízase no Mirador de Gundián, xunto á ponte do ferrocarril. Para chegar ata o mirador tómase a saída da estrada N-525 Santiago-Ourense no lugar de A Ponte Ulla.

O Mirador de Gundián está situado a uns 50 metros sobre o nivel do río, e permite unha visión incomparable do Ulla estreitándose no paso da Cova, baixo a ponte do ferrocarril.

Esta ruta discorre pola marxe dereita do río Ulla aproveitando camiños de paso, sendas de pescadores e sendeiros xa marcados.

A primeira parada a destacar é o núcleo tradicional do pobo de A Ponte Ulla. A pouca distancia atopamos no noso camiño cun muíño de singulares características, o muíño de Reboredo, provisto de cinco moas. A seguinte parada será na área de recreo de Agronovo, onde poderemos descansar un anaco para repoñer forzas. Continuamos outro pouco ata chegar á área de recreo do couto de Ximonde, un dos coutos de salmón máis importantes de Galicia, convertido hoxe nunha estación ictiolóxica de cría e reprodución. Máis adiante espéranos a área de recreo de Cubelas, que pon o punto final deste fermoso percorrido polo Ulla.

